

DATA FINAIS DE COPA E ENTREGA DE TROFEOS DA TEMPADA

O próximo día 26 de xuño terá lugar o campionato galego de dardos en todas as súas modalidades. O lugar de xogo é o Centro Social de Vilaboa "O Centro". A hora de presentación é ás 16:00h e comezo ás 16:30h.

Modalidade Masculina

Sistema de Xogo: Round robin al mejor de 25 patas.

Cada encontro constará de cinco enfrontamentos simultáneos por rolda, un contra un, a unha soa pata a 501 puntos. Un equipo permanece fixo en diana e os xogadores do outro van rotando a súa posición. A moeda decidirá a un equipo o rotar ou ser fixo antes de comezar. Nos enfrontamentos o primeiro en saír será o xogador que rote na de diana. Poderase efectuar o cambio de tantos xogadores como se queira ao finalizar a terceira rolda e antes de comezar coa cuarta. Gaña o equipo que chegue primeiro a 13 patas. Cando se cante o dardo da pata gañadora, as partidas en xogo non se finalizarán.

O equipo gañador obterá 3 puntos, por 1 punto o perdedor. Contaranse as patas a favor e en contra de cada equipo, anotando a diferenza. En caso de empate entre 2 equipos vence o enfrontamento particular, no caso de empate entre 3 ou máis equipos vence que teña a mellor diferenza de patas.

A posición que ocupará cada equipo determinarase ao azar xusto antes de iniciar a competición. Os equipos que non estean a disputar unha partida serán os encargados de ceder anotadores para as cinco dianas.

Modalidade Feminina:

Sistema de Xogo: Equipos todos contra todos, encontros de Liga.

Equipos Finalistas: Las Miaus, Las Piratas, Las Chulas y Las Buditas.

Modalidade Cerbatana:

Sistema de Xogo: Equipos todos contra todos, encontros de Liga.

Equipos Finalistas: Krone 1, Galería, Costa y O Bosque.

Ao final do evento sobre as 21:00h realizarase a entrega de trofeos e medallas da tempada.